

- d) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número de conta do titular e xustificación nos termos sinalados no presente apartado.

Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

10. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento

parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para o mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, co conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación de subvencións e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a condición de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia así como o disposto nas bases de execución do orzamento municipal.

Folgo do Courel, a 8 de setembro do 2016.- Dolores Castro Ochoa

R. 2717

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARACTER INTERINO PARA CONSERXE LIMPIADORA.

Por Resolución da Alcaldía de data 9 de setembro de 2016 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal de unha limpiadora conserxe.

Tipo e duración do contrato: 40 horas semanais, durante o período de duración de incorporación titular..

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgo do Courel no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Folgo do Courel deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Folgo do Courel.

Folgo do Courel a 9 de setembro de 2016.- Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 2718

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 24 de agosto de 2016, adoptou o acordo núm. **14/550 CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS VERDES PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO (PLAN MELLORA LUGO 2016). EXP 18/2016**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É a prestación do servizo de mantemento e conservación de espazos verdes públicos do concello de Lugo contribuíndo á creación e mantemento do emprego dentro do Plan mellora Lugo 2016.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- **Tipo de licitación:** . O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 70.247,93 euros, polo que tendo en conta o IVE (21%) – 14.752,07 euros - o prezo máximo do contrato será de **85.000 euros**, IVE incluído.

5.- **Garantías:** definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condicións especiais de execución:

Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

11.- **Gastos dos anuncios:** 60,45 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 2 de setembro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº16005312) Ana Prieto Nieto

R. 2681

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 24 de agosto de 2016, adoptou o acordo núm. 15/551 **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS C.E.I.P E ESCOLAS INFANTÍS SERRA**